

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ESO

- **Con 0 suspensas:** Promoción ao seguinte curso.
- **Con 1 suspensa:** Promoción ao seguinte curso con esa materia pendente.
- **Con 2 suspensas:** Promoción ao seguinte curso con esas dúas materias pendentes.
- **Con máis de 2 suspensas.** O equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
 - c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

Considerase que un ou unha alumno/a non pode ter unha promoción condicionada cando a avaliación negativa supere o 35% do total das materias troncais e de libre configuración autonómica debido a que as carencias implícitas impide garantir os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar co aproveitamento nas etapas posteriores en aquelas materias que deben ser comúns para todo o alumnado.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

Considerase que un ou unha alumno/a non pode ter unha promoción condicionada cando a avaliación negativa supere o 40% do total das materias debido a que as carencias implícitas impide continuar con éxito a súa formación académica.
- **No caso de non ter posibilidade de repetir:** Promoción Obrigatoria con todas as materias suspensas como materias pendentes.